

Bloque 1. Tema 5.

Conquista e colonización de América: leis de indias, revolución dos prezos.

As viaxes de **Cristovo Colón** en busca dunha ruta para chegar ás Indias sentaron as bases da conquista do territorio americano para a Monarquía Hispánica. Ao fin do reinado dos Reis Católicos xa se tiñan explorado numerosas terras, e xa se confirmara que eran parte dun novo continente. Esta tarefa de exploración, conquista e colonización continuou ao longo dos séculos XVI e XVII, cando se organizou administrativamente e se explotaron os recursos da América hispana.

O dominio portugués da ruta cara a India bordeando África levou aos **Reis Católicos** a prestar atención ao proxecto de Colón (xa rexeitado por varias monarquías, incluída a portuguesa), xa que abría a posibilidade de atopar unha ruta máis curta cara Extremo Oriente, podendo así acceder ao lucrativo negocio das especias.

No contrato firmado entre Colón e os monarcas, as ***Capitulacións de Santa Fe***, acórdase que o navegante sería nomeado Almirante das terras descubertas, que gobernaría e sobre as que tería xurisdición xudicial, así como o dereito a percibir un décimo de todas las mercadorías. A expedición, composta por tres navíos (as carabelas Pinta e Niña e a nao Santa María), partiu de Palos de la Frontera o 3 de agosto de 1492, e despois dunha escala nas illas Canarias, alcanzou terra o **12 de outubro** dese mesmo ano, na illa de Guanahaní, desembarcando despois noutras illas do Caribe. Apenas vinte anos despois, a conquista das Antillas estaba case concluída, aínda que houbo conflitos derivados dos desencontros entre Colón e os monarcas e os primeiros colonos.

Malia que as riquezas acadadas nas Antillas non foron as esperadas, as noticias da existencia de moito ouro no continente levaron a diversas expedicións a tratar de conquistar esas terras. A primeira gran **etapa de conquista** foi liderada por ***Hernán Cortés***, que en 1518 adentrouse no territorio mexicano ata conquistar en moi pouco tempo todo o ***Imperio Azteca***. Este éxito foi acadado en parte polos pactos de Cortés con varias tribos enfrontadas co emperador Moctezuma. En 1522 toda a meseta central mexicana estaba xa en mans dos conquistadores, que despois fariáanse tamén coa península de Yucatán, tradicional centro da ***civilización Maia***.

A segunda gran expedición de conquista foi dirixida por ***Francisco Pizarro*** a partir de 1531, cando se adentrou en Sudamérica, atopándose co ***Imperio Inca***, que abarcaba os actuais Perú e Ecuador e parte de Bolivia. Aproveitando os problemas internos dos incas, Pizarro e os seus homes conseguiron facerse co control de todo o territorio xa en 1532. Más adiante proseguiríase a conquista doutras zonas do continente, tanto no sur de Sudamérica como no oeste de Norteamérica.

A toma de posesión do Novo Mundo permitiu á Coroa de Castela incorporar e explotar amplos territorios, controlados grazas á financiación da conquista e o control sobre o comercio e as migracións. As Indias adoptaron un **sistema institucional similar ao castelán**, instaurándose *municipios e cabildos* a nivel local, *gobernacións* a nivel intermedio e *virreinos*, que serían a organización territorial superior (nestes séculos fúndanse o de Nova España, ao norte, e o de Perú, ao sur). Tamén se crearon as *Audiencias* para labores xudiciais e de goberno.

Ao mesmo tempo foi desenvolvéndose unha lexislación específica coñecida como **Leis de Indias**, que regulaban a vida social, política e económica dos novos territorios conquistados. Nas *“Leis de Burgos”* de 1512 establecíase o trato que debían recibir os indíxenas, que pasarían a ser libres e súbditos da Monarquía, que debían traballar en condicións dignas, pero que deberían converterse ao Catolicismo obrigatoriamente. As denuncias polo incumprimento da normativa e o maltrato cara aos indíxenas levou á promulgación das *“Leis Novas”* de 1542, que intentaron mellorar as condicións de vida dos indios, por medio da protección por parte de Coroa e a prohibición da escravitude. Estas leis foron sufrindo diferentes modificacións ao longo do tempo.

Aínda que a evanxelización dos indíxenas ocupaba, en teoría, un lugar tan relevante como a **explotación económica** do Novo Mundo, na práctica a posesión de ouro, prata e terras foron os obxectivos principais dos conquistadores. Os metais preciosos obtíñanse de diversas minas en México e Perú, destacando sobre todo as de Potosí e Zacatecas. As minas eran propiedade real, pero a Coroa concedía a súa explotación a particulares a cambio da quinta parte do mineral extraído. No caso das terras, estas foron repartidas entre os conquistadores, aos que se lles entregaba un terreo xunto con un grupo de indios. En ambos casos, o traballo baseouse na man de obra indíxena.

Aínda que a escravitude dos indíxenas estaba prohibida, desde o primeiro momento a Monarquía admitiu **sistemas de traballo obrigatorio** en favor dos colonizadores, como foron a encomenda e a mita. A *encomenda* consistía en asignar un grupo de nativos a cada colono ou “encomendeiro” para que traballaran a terra de forma obrigatoria, coa obriga de instruílos na fe cristiá. Isto xerou numerosos abusos (denunciados, entre outros, por frei Bartolomé de las Casas), polo que durante un tempo as encomendas foron suprimidas. O descenso da poboación indíxena obrigou a adoptar o sistema de “estancias”, con traballadores asalariados e escravos negros. A *mita*, de orixe inca, funcionaba en amplas zonas mineiras, nas que os indíxenas debían traballar de forma obrigatoria nas minas, acompañados habitualmente polas súas familias.

A colonización do Novo Mundo tivo numerosas implicacións, como o **intercambio de produtos agrarios** (destaca a chegada á Península do millo, a pataca, o tabaco, o cacao...) ou a

chegada de **grandes cantidades de ouro e prata** a Europa. Todo este intercambio estivo controlado pola Coroa, que entregou o monopolio comercial á cidade de Sevilla, desde onde partían ou chegaban todos os barcos da ruta americana. Alí creouse, en 1503, a **Casa de Contratación de Sevilla**, que controlaría todo o tráfico de persoas e mercadorías. Para evitar a piratería e fortalecer o control comercial, organizáronse as **flotas**, con gran cantidade de barcos de transporte protexidos por navíos de guerra, que facían a ruta dúas veces ao ano.

O aumento do metal en circulación (grazas á chegada de toneladas de ouro e prata) foi moito máis rápido que o crecemento da oferta de produtos no mercado, que era máis lento. Isto xerou un alza sostida dos prezos, dando lugar a un fenómeno coñecido como **revolución dos prezos**.

O elevado **endebedamento da Monarquía Hispánica** para expandir e manter un gran imperio provocou que boa parte das novas riquezas se gastaran axiña, acabando en mans estranxeiras, en lugar de dinamizar a economía española.